# CADERNO DE **INTEGRACIÓN CURRICULAR**



GUÍAS DE EDUCACIÓN EN DEREITOS DA INFANCIA E DA CIDADANÍA GLOBAL DE UNICEF COMITÉ ESPAÑOL

# Introdución

A Convención sobre os Dereitos do Neno (CDN) naceu en 1989 para proclamar que todos os menores de idade teñen uns dereitos inalienables, indivisibles e universais que todos, incluídos os propios nenos e nenas, temos o deber de protexer. A Convención non é unha mera recompilación de boas intencións: foi concibida como un instrumento práctico, sobre o que os gobernos e os distintos axentes sociais deben apoiarse para executar políticas e programas que fagan dos dereitos da infancia unha realidade no día a día. Un dos principais axentes sociais implicados nestes cambios é a escola. A Convención ofrece unha perspectiva dual de dereito e responsabilidade aos centros educativos que, xunto coa de cidadanía global, dótanos dun potente instrumento que pode contribuír a unha educación transformadora.

UNICEF quere colaborar cos centros que decidan percorrer o camiño de facer da cidadanía responsable e do enfoque de dereitos un sinal de identidade do seu proxecto educativo, incorporándoos en todos os ámbitos escolares coa implicación da comunidade educativa no seu conxunto.

O programa de Educación en Dereitos de UNICEF Comité Español propón aos centros educativos incidir sobre catro ámbitos clave: o coñecemento dos dereitos da infancia e da cidadanía global, a protección da infancia, a participación infantil e o clima escolar. Este caderno recolle orientacións para o traballo no primeiro dos ámbitos do programa: o coñecemento dos dereitos da infancia e da adquisición das competencias elementais para o exercicio da cidadanía global, a través da súa integración no currículo.

A primeira parte deste caderno céntrase nos fundamentos da integración curricular dos dereitos da infancia e da cidadanía global. A continuación, tratamos a posta en práctica na que, mediante propostas metodolóxicas e exemplos de tres formas complementarias de abordala (conceptual, por proxectos e por situacións), preténdese orientar, fundamentar e inspirar as accións de mellora neste ámbito. O caderno complétase cuns breves apuntamentos sobre o tratamento axeitado dos contidos sobre desenvolvemento e dereitos da infancia e a relación de datas clave que nos permite atopar no calendario escolar unha excusa para manter presente o noso compromiso.

Agardamos que este caderno sirva de guía introdutoria para todos aqueles centros e docentes que queiran emprender o apaixonante camiño de integrar os dereitos da infancia na súa programación e vivilos no día a día.



CC BY/NC/ND 2.0 GOBIERNO DE ARAGÓN EN FLICKR

# Os dereitos da infancia e da cidadanía global no currículo

**Para lograr un pleno desenvolvemento das competencias sociais e cívicas do alumnado, é imprescindible unha axeitada integración curricular dos dereitos da infancia e da cidadanía global.**

A Convención sobre os Dereitos do Neno (CDN) recoñece á infancia como cidadáns de pleno dereito no presente, aquí e agora, e non só como potenciais cidadáns dun futuro en cuxa construción non participan. Unha educación baseada e guiada polos dereitos da infancia recoñece a nenos, nenas e adolescentes como parte activa da sociedade, e dálle pulo ao desenvolvemento das súas competencias para vivir en sociedade.

Adquirir competencias que capaciten para comprender a realidade social en que vivimos anima a cooperar, a convivir e a exercer a cidadanía global nunha sociedade plural. Axuda ademais a a

## PERSPECTIVA DE DEREITOS: COMO BENEFICIA AOS NENOS?

| COÑECÉNDO | LOGRAREMOS |
| --- | --- |
| Os nosos dereitos | Autoprotección |
| As nosas responsabilidades | Autorregulación |
| Que os dereitos son esenciais e irrenunciables | Dignidade e respecto |
| Que os dereitos son universais | Equidade e non discriminación |

mocidade, a comprometerse e contribuír na súa mellora. Estas competencias integran coñecementos e habilidades complexas, que van desde a participación, a toma de decisións e a adaptación a diferentes formas de comportamento, ata o sentido da responsabilidade nas decisións tomadas.

A propia Convención establece a obrigatoriedade de educar de xeito que os nenos, as nenas e adolescentes coñezan os seus dereitos e que sexan capaces de exercerlos, reclamalos, respectalos e defendelos.

Máis aló dos aspectos xurídicos, a Convención ofrécenos un horizonte en que os dereitos da infancia se converten en principios éticos perdurables e en normas internacionais de conduta. Isto supón un enorme avance para aquelas sociedades que conseguen o seu pleno cumprimento.

Para lograr un efectivo cumprimento da Convención na nosa contorna educativa, é necesario evolucionar desde un modelo en que os dereitos e a cidadanía global son obxecto de actividades de ensino-aprendizaxe cara un modelo en que pasan a ser o motor da vida no centro educativo. Deste modo pódese garantir unha maior sostibilidade e calidade educativa, xa que a integración dos dereitos da infancia e da cidadanía global é un poderoso instrumento de promoción da infancia.

Desde unha perspectiva de dereitos, os nenos e as nenas vólvense máis sensibles cara as desigualdades que os rodean e adquiren madurez na súa capacidade para avaliar situacións éticas, aumenta a súa comprensión das interaccións sociais no mundo contemporáneo e a capacidade para integralas na súa vida de forma positiva ao contribuír ao desenvolvemento da sociedade.

PORQUE

**Saberemos cando e como os nosos dereitos se recoñecen, se ignoran ou nos vemos privados deles**

**Poderemos xestionar o noso comportamento, ao sermos capaces de exercer os nosos dereitos respectando os dos demais.**

**Al entender que los derechos forman parte de nosotros, lograremos una concepción más profunda y elaborada de la condición humana.**

**Manteremos un clima de respecto consonte aos dereitos e necesidades doutros.**

# Os dereitos da infancia e da cidadanía globa

Tanto a Convención sobre os Dereitos do Neno como a Carta Internacional de Dereitos Humanos recoñecen que un dos aspectos aos que debe ir orientada a educación é ao coñecemento e respecto dos dereitos humanos e as liberdades fundamentais, así como á capacitación para participar responsablemente nunha sociedade libre. Ambos tratados internacionais fan, por tanto, un recoñecemento expreso da responsabilidade dos Estados nunha educación orientada á cidadanía global. Esta responsabilidade quedou recollida na nosa lexislación a través de diferentes leis e directivas. A Convención sobre os Dereitos do Neno recolle as obrigas dos Estados respecto do cumprimento dos dereitos humanos dos nenos, das nenas e dos adolescentes. Isto significa que é a referencia para gobernos, institucións, familias, profesionais, a sociedade e os propios nenos sobre o cumprimento efectivo dos seus dereitos en distintas esferas da vida, incluída a educación.

Os enfoques educativos baseados na adquisición de competencias cívicas e cidadás e no coñecemento e o respecto dos dereitos da infancia son, non só compatibles, senón inseparables: o coñecemento dos nosos dereitos e dos doutras persoas é a base para a adquisición da competencia cidadá, e esta á súa vez é necesaria para a adquisición de actitudes e condutas responsables que nos leven ao respecto, á defensa e á promoción dos nosos dereitos e dos dereitos e liberdades doutras persoas.




**"O desenvolvemento sostible e a cohesión social dependen criticamente das competencias de toda a nosa poboación, con competencias que se entende cobren o coñecemento, as destrezas, as actitudes e os valores".**

(Ministerios de Educación da OCDE)

La competencias sociales, cívicas o ciudadanas han sido definidas de diferentes maneras, pero todas ellas requieren que niños, niñas y adolescentes:

- ☑ conozcan sus derechos y responsabilidades,
- ☑ comprendan la situación de los derechos de la infancia local y globalmente
- ☑ sean capaces de resolver pacíficamente los conflictos, como parte activa de la sociedad.

1. Goberno de España. (2006). Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación. España: BOE
2. Goberno de España. (2013). Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa. España: BOE
3. Goberno de España. (2014). Real Decreto 126/2014, de 28 de febreiro, polo que se establece o currículo básico de Educación Primaria. España: BOE
4. Consello Europeo de Lisboa. (2010). Conclusións da presidencia. Lisboa:UE
5. OCDE. (2002). A definición e selección de competencias clave. París: D.S. Rychen e L.H. Salganik.
6. Consello de Europa. (2006). Recomendación do Parlamento Europeo e do Consello de Europa sobre competencias clave para a aprendizaxe permanente. (2006/962/CE). Bruxelas: UE.

# al son centrais no currículo educativo

## A declaración de Incheon: unha nova visión da educación

Nesta visión da educación, transformadora e universal, abórdanse os desafíos da educación nos planos mundial e nacional desde agora ata 2030. A nova visión recóllese plenamente no Obxectivo de Desenvolvemento Sostible 4: "Garantir unha educación inclusiva, equitativa e de calidade e promover oportunidades de aprendizaxe durante toda a vida para todos" e nas súas metas correspondentes. Inspírase nunha concepción humanista da educación e do desenvolvemento baseada nos dereitos humanos e a dignidade, a xustiza social, a inclusión, a protección, a diversidade cultural, lingüística e étnica, e a responsabilidade e a rendición de contas compartidas.

Reafírmase que a educación é un ben público, un dereito humano fundamental e a base para garantir a realización doutros dereitos. É esencial para a paz, a tolerancia, a realización humana e o desenvolvemento sostible.

## Os chanzos básicos da educación para o desenvolvemento

Para entender mellor como se relacionan os distintos enfoques da educación para o desenvolvemento podemos empregar unha metáfora: Os dereitos da infancia serían a porta que daría acceso ao exercicio da cidadanía global, solidaria e responsable. Á súa vez, este sería o chanzo de acceso que lle permite a nenos, nenas e adolescentes comprometerse de maneira crítica e responsable co desenvolvemento sostible.

Entender o valor dos nosos dereitos e responsabilidades e aprender a exercelos e a respectar os dereitos dos demais é un requisito para a cidadanía, sen a que non é posible participar activa e consecuentemente no logro dun desenvolvemento sostible.



# O coñecemento dos dereitos da infancia e da cidadanía global

O programa de educación en dereitos baséase en nove principios que informan da finalidade última das nosas accións e oriéntanse en catro ámbitos interdependentes: o coñecemento dos dereitos da infancia e da cidadanía global, a participación infantil, a protección e o clima escolar. Para dotar de coherencia o proxecto educativo, é necesario que os catro ámbitos se aborden conxuntamente, xa que están interconectados.

**Este cuaderno profundiza en el primero de los cuatro ámbitos de la educación en derechos: el conocimiento de los derechos de infancia y la ciudadanía global**

### Conocimiento

1. Promover en el alumnado el reconocimiento de sí mismos y de los demás como personas con dignidad: con derechos y responsabilidades.
2. Comprometerse con el desarrollo de la personalidad, las aptitudes y la capacidad mental y física del menor hasta el máximo de sus posibilidades.
3. Promover la formación de ciudadanos preocupados por el cumplimiento de los derechos humanos en todo el mundo.

### Participación infantil y otros derechos

4. Promover que niños, niñas y adolescentes disfruten activamente de la libertad de información, expresión y participación.
5. Promover el derecho de la infancia a disfrutar del juego y a las actividades recreativas propias de su edad, así como a participar en la vida cultural y las artes y el medioambiente.

### [illegible]cción de la infancia

6. Adoptar medidas normativas, organizativas y educativas necesarias para garantizar la protección frente al maltrato, las humillaciones y los abusos sexuales, previniendo los riesgos de perjuicios físicos o mentales de [illegible]quier tipo. Así mismo, promover [illegible]nocimiento de la infancia de los ri[illegible] presentes en su entorno y fom[illegible] el desarrollo de medidas de autoprot[illegible]n.
7. G[illegible]tizar la protección frente a cualquier forma de discriminación por razón de cultura, religión, origen, idioma, sexo o de cualquier índole.

### Clima escolar

8. Promover que educadores, familias y la comunidad escolar en su conjunto guíen y orienten a niños, niñas y adolescentes en el ejercicio de sus derechos y responsabilidades, de modo acorde con sus capacidades, y velando en todo momento por el interés superior del menor.
9. Promover un entorno de relación interpersonal que fomente la igualdad, el respeto por la dignidad de las personas, la salud y la convivencia pacífica.

## LAS CLAVES PARA LA ACCIÓN EN ESTE PRIMER ÁMBITO SERÍAN:

- **La inclusión de los derechos de infancia y el ejercicio de la ciudadanía global en el proyecto educativo de centro y en la programación de aula.**
- **El establecimiento de los recursos y condiciones necesarias para alcanzar los objetivos educativos en todo el alumnado.**

# Obxectivos

Este ámbito é o que representa o coñecemento dos dereitos de infancia e a adquisición das competencias elementais para o exercicio da cidadanía global.

Para o cumprimento dos tres principios enunciados neste ámbito é necesario o logro dunha serie de obxectivos. A maior parte dos obxectivos relativos a este ámbito afectan ao currículo e nos servirán para orientar e especificar a  nosa acción:

| PRINCIPIOS | OBXECTIVOS |
| --- | --- |
| **1. Promover en el alumnado el reconocimiento de sí mismos y de los demás como personas con dignidad, con derechos y responsabilidades.** | **1.1.** Integrar curricularmente los Derechos de la Infancia en el Proyecto Educativo de Centro (PEC)<br>**1.2.** Integrar curricularmente los Derechos de la Infancia en la planificación escolar<br>**1.3.** Integrar curricularmente los Derechos de la Infancia en la Programación General Anual (PGA) del centro. |
| **2. Comprometerse con el desarrollo de la personalidad, las aptitudes y la capacidad mental y física del menor hasta el máximo de sus posibilidades.** | **2.1.** Facilitar el tiempo necesario que permita dar una atención personalizada al alumnado, en función de sus aptitudes y sus capacidades.<br>**2.2.** Establecer unos criterios de organización del espacio y de distribución de los tiempos escolares acordes con el desarrollo de la personalidad y de las diferentes aptitudes y capacidades.<br>**2.3.** Mantener un clima de altas expectativas hacia el alumnado.<br>**2.4.** Dotar de recursos necesarios en el aula que favorezcan el bienestar, el fomento del desarrollo y el correcto tratamiento a la diversidad de todo el alumnado. |
| **3. Promover la formación de ciudadanos preocupados por el cumplimiento de los derechos humanos en todo el mundo.** | **3.1.** Programar la CDN en el currículo de aula.<br>**3.2.** Promocionar en el currículo de todas las materias el enfoque de derechos de la infancia y la ciudadanía global. |

Cando falamos da integración curricular dos dereitos da infancia referímonos ao logro destes obxectivos relacionados co coñecemento sobre os dereitos da infancia e da cidadanía global. Para iso dispoñemos dun marco composto por metodoloxías, ferramentas e contidos que analizaremos neste caderno e que nos axudará a concretar os nosos esforzos  neste ámbito de actuación da educación en dereitos.

# A integración no proxecto educativo de centro

O Proxecto de Centro (PEC) é o documento onde se recollen os principais obxectivos que orientan as decisións e as actividades do centro escolar. Presenta dúas facetas complementarias e, nalgúns casos, tamén contraditorias: unha, inspirada polo ideal que a comunidade educativa proxecta sobre o centro e outra, centrada na práctica, xa que toda acción educativa debe manter unha relación de coherencia con el. (Coiduras, J. L., et al., 2016)

Por esta razón debemos ser realistas cando decidamos incorporar o enfoque de dereitos, e manter os obxectivos non só no ideal, senón tamén na transformación práctica que terá lugar cando avancemos en actividades e programas baseadas nunha concepción de dereitos e cidadanía:

- La incorporación del enfoque en derechos de infancia en el proyecto educativo de centro debe realizarse no solamente por su potencial educativo, sino también como estrategia para articular una educación donde la infancia es sujeto activo de derechos y de responsabilidades.

- El proceso de modificación del proyecto educativo no debe ser un mero trámite administrativo sino que debe ser una oportunidad para realizar un proceso de reflexión conjunta que dé como resultado un consenso básico para emprender el proceso de cambio.



*Menciona los derechos de la infancia en...*

# FINS EDUCATIVOS

Propoñémosche un exemplo de enunciado para a incorporación ao proxecto do centro. Pode servir de punto de partida para un desenvolvemento máis pormenorizado ou engadirse facilmente como un punto máis ao apartado de fins educativos do PEC.

> **"Promover o coñecemento e defensa dos Dereitos da Infancia e o exercicio da cidadanía global solidaria e responsable."**

*También en...*

# SINAIS DE IDENTIDADE

No apartado Sinais de identidade do PEC poden recollerse os principios do compromiso cos dereitos da infancia que xa vimos anteriormente:

> **"A educación baseada nos dereitos da infancia promove o cumprimento dos dereitos de todos os nenos, as nenas e adolescentes, como establece a Convención sobre os Dereitos do Neno, e desenvolve a capacidade dos titulares de deberes para cumprir coas súas obrigas de respectar, protexer e cumprir eses dereitos. Comprometerse co pleno cumprimento dos dereitos da infancia no ámbito educativo implica:**
>
> - Promover no alumnado o recoñecemento de si mesmos e dos demais como persoas con dignidade: con dereitos e responsabilidades.
> - Comprometerse co desenvolvemento da personalidade, as aptitudes e a capacidade mental e física do alumnado ata o máximo das súas posibilidades.
> - Promover a formación de cidadáns preocupados polo cumprimento dos dereitos humanos en todo o mundo.
> - Garantir a protección fronte a calquera forma de discriminación por razón de cultura, relixión, orixe, idioma, sexo ou de calquera outra índole.
> - Adoptar as medidas normativas, organizativas e educativas necesarias para garantir a protección fronte ao maltrato, as humillacións e os abusos sexuais, e previr os riscos de prexuízos físicos ou mentais de calquera tipo. Así mesmo, promover o coñecemento da infancia dos riscos presentes na súa contorna e fomentar o desenvolvemento de medidas de autoprotección.
> - Promover unha contorna de relación interpersoal que fomente a igualdade, o respecto pola dignidade das persoas, a saúde e a convivencia pacífica.
> - Promover que os nenos, as nenas e adolescentes gocen activamente da liberdade de información, expresión e participación.
> - Promover que educadores, familias e a comunidade escolar no seu conxunto guíen e orienten a nenos, nenas e adolescentes no exercicio dos seus dereitos e responsabilidades, de xeito que concorde coas súas capacidades, e vele en todo momento polo interese superior do menor.
> - Promover o dereito da infancia a gozar do xogo e ás actividades recreativas propias da súa idade, así como a participar na vida cultural, as artes e o medio."

# Deseño de intervencións: unha ferramenta orientada á práctica

Para deseñar unha intervención no marco da educación en dereitos é necesario ter en conta tres dimensións: o tipo de dereito sobre o que queremos traballar, a fase do ciclo de aprendizaxe en que se ubica e o escenario onde ten lugar. Este gráfico (Urrea, A. et al., 2016) é unha ferramenta conceptual que nos permite combinar as tres dimensións para deseñar intervencións que integren os dereitos da infancia e a cidadanía global no proxecto educativo.




## O ciclo de aprendizaxe

**Dentro do ciclo de aprendizaxe, é importante clarificar se a nosa intervención pertence a unha fase exploratoria (actividades relacionadas coa observación, a exploración, o coñecemento e a información), a unha fase reactiva (orientación á reflexión, ao deseño, á comunicación ou á comprensión) ou a unha fase de acción (relativa á intervención, á cooperación ou á mobilización).**

## Ejemplos

© UNICEF/UNI81358/HAQUE



### Vacinas

**ESCENARIO:** Aula
**TIPO DE DEREITO:** Provisión
**FASE:** Exploración

Estudar na aula que son as vacinas e a súa situación no mundo profundizamos no coñecemento do dereito á saúde.

COLEXIO SANTO ÁNGEL DE MORATALAZ



### Expresión de solidaridad

**ESCENARIO:** Centro
**TIPO DE DEREITO:** Participación
**FASE:** Reacción

O alumnado dun centro educativo infórmase, elixe unha causa e expresa o seu compromiso cos dereitos da infancia e celebra o 20 de novembro, Día Universal do Neno.

CC BY 2.0 ALEXANDRU PANOIU



### Rutas escolares seguras

**ESCENARIO:** Comunidade
**TIPO DE DEREITO:** Protección
**FASE:** Acción

No centro escolar, o concello e as familias deseñan xuntos un itinerario seguro que poden seguir os nenos e nenas no seu traxecto de ida e volta ao centro educativo, e posibilita que o cheguen a percorrer de forma máis autónoma.

## Tipología de derechos: Las tres "P"

Los derechos contenidos en la Convención suelen agruparse en 3 categorías. Es importante tenerlo en cuenta a la hora de preparar una intervención:

- **Derechos de protección:** a la vida, de protección a la convivencia familiar, contra todo tipo de abuso, violencia, explotación laboral, etc.
- **Derechos de provisión:** a cuidados sanitarios, a los recursos para un adecuado desarrollo físico, mental, espiritual, moral y social, y a un medio ambiente saludable, etc.
- **Derechos de participación:** a una identidad y nacionalidad, a recibir información, a opinar con libertad, a no sufrir limitaciones en caso de discapacidad, etc.

## Escenario:

**As accións poden dirixirse a:**

- Un só neno, nena ou adolescente
- A aula ou grupo
- O centro educativo
- A contorna comunitaria



# Os cinco conceptos: Unha ferramenta didáctica

## INTERDEPENDENCIA

Nun mundo globalizado é imprescindible comprender o concepto de interdependencia, xa que é un elemento clave para que o alumnado poida percibir o mundo en que vivimos como un sistema, o que supón:
- Entender a rede de relacións deste sistema.
- Apreciar o equilibrio inestable que existe entre os compoñentes desta rede.
- Tomar conciencia de que os cambios nunha parte do sistema terán repercusións sobre o sistema enteiro. Un enfoque que teña en conta a interdependencia entre os distintos factores dun problema favorece que se poidan atopar solucións duradeiras, e capacitar ao alumnado para a resolución de problemas complexos. Isto fai que a noción de interdependencia sexa fundamental para o proceso de aprendizaxe.

**Atopamos a posibilidade de traballar o concepto de interdependencia en multitude de ocasións, ben sexa en contidos relacionados coa historia, coas matemáticas ou coas ciencias…**

1

## IMAXES E PERCEPCIÓNS

Coñecemos o mundo a través das imaxes que temos del e estas imaxes non son neutras: están influídas, consciente ou inconscientemente, pola visión subxectiva do emisor e tamén pola do receptor, así como pola canle de información e o contexto. Isto non é necesariamente negativo nin pode ser evitado, xa que forma parte dos procesos de cognición e comunicación do ser humano, pero unha alfabetización visual crítica axúdalle á mocidade a facerse máis consciente e sensible co feito de que unha cousa é a realidade e outra a imaxe que temos dela. Deste xeito teremos ferramentas para poder identificar as ideas preconcibidas, os estereotipos e os prexuízos e valorar de que xeito afectan á nosa visión do mundo.

**Un enfoque de imaxes e percepcións permítenos entender con máis profundidade e riqueza os diversos aspectos da sociedade, da economía, das relacións entre grupos ou das profesións, por exemplo.**

2

## XUSTIZA SOCIAL

A xustiza social refírese ás nocións fundamentais de igualdade de oportunidades e de dereitos humanos, máis alá do concepto tradicional de xustiza legal. Está baseada na equidade e é imprescindible para que os individuos poidan desenvolver o seu máximo potencial e para que se poida instaurar unha paz duradeira, xa que as inequidades están relacionadas cos conflitos, tanto nos países industrializados como nos países en desenvolvemento. A inxustiza real ou percibida é unha das fontes máis comúns de conflitos e de violencia entre os individuos, os grupos e os países. A comprensión da dimensión ética destes conceptos capacitará á mocidade para actuar por un mundo máis xusto, no seu país e fóra del. Unha aprendizaxe da xustiza social esixe algo máis que familia- rizarse con algúns textos legais e integrar conceptos abstractos de dereitos:
- Que o alumnado se decate da existencia de inequidades nas súas propias vidas na súa contorna inmediata: casa, escola ou comunidade.
- Que superen reaccións de culpabilidade, de reprobación ou de resentimento para chegar a un compromiso activo para promover a xustiza e a igualdade a todos os niveis: persoais, institucionais, nacionais ou mundiais.

**A xustiza ten un compoñente claramente social que nos resulta sinxelo identificar con situacións históricas, xeográficas ou económicas, pero apóiase en cuestións obxectivas e medibles que poden tratarse dentro de disciplinas científicas e técnicas. Incluso o deporte ten unha perspectiva de xustiza: por exemplo, como promovemos o xogo limpo sen un enfoque de xustiza?**

3

Susan Fontain (1995) describiu os cinco conceptos básicos que fundamentan a didáctica da educación en dereitos de infancia e cidadanía global. Estes conceptos son transversais a gran cantidade de contidos de materias do currículo e o seu manexo axeitado facilita a nenos, nenas e adolescentes é a comprensión do mundo contemporáneo e a súa capacidade de participar nel.

## CONFLITOS E A SÚA RESOLUCIÓN

Para moitos nenos, nenas e adolescentes, o conflito é sinónimo de violencia. Pero a violencia, en realidade, só é unha das numerosas respostas posibles a un conflito. Os conflitos son inherentes á natureza, xa que vivimos dentro de diferentes sistemas onde é imposible que todos os actores obteñan o máximo beneficio ao mesmo tempo.
A resolución dos conflitos é a exploración dos medios polos que os conflitos e controversias poden solucionarse de maneira non violenta. As resolucións no violentas de conflitos pódense aprender e aplicar de maneira construtiva aos desacordos a nivel persoal, comunitario, nacional, mundial ou entre grupos. O obxectivo das iniciativas educativas relacionadas coa resolución de conflitos non poden ser eliminados, porque os conflitos son parte da vida. Pero como educadores podemos axudar aos nosos estudantes a aprender que teñen que elixir entre distintas maneiras de reaccionar ante un conflito:
Poden desenvolver habilidades de negociación e de resolución de problemas que lles permitan considerar o conflito non como unha crise senón como unha ocasión de cambio creativo.
Poden aprender a aplicar estas habilidades aos conflitos que forman parte das súas vidas cotiás: conflitos con amigos, coa familia e incluso co profesorado.
Poden reflexionar acerca de como esta aproximación á resolución de problemas podería aplicarse aos conflitos vinculados con diferenzas relixiosas e étnicas, cos recursos, as fronteiras ou as diferentes ideoloxías políticas dentro da súa comunidade, o seu país ou no mundo enteiro.

**Aínda que o evidente pode ser pensar en contidos de ciencias sociais como materia sobre a que aplicar un enfoque de resolución de conflitos, o conflito atópase en moitas outras disciplinas, desde as deportivas ás científicas e tecnolóxicas. Gran parte das cuestións sobre ecoloxía, física ou matemáticas poden propoñerse como unha situación de resolución de problemas con un compoñente social.**

4

## CAMBIO E FUTURO

A adaptación ao cambio e a capacidade de planificar a futuro e de comprometerse con liñas de acción que terán resultado a longo prazo son habilidades fundamentais que a mocidade precisa para lograr o seu pleno desenvolvemento persoal e social. A educación sobre o futuro ten que basearse nun estudo do procedemento de cambio e na comprensión de como se produce este cambio. Incidir nas dinámicas do cambio é importante porque os cambios sociais, tecnolóxicos e económicos prodúcense máis rápido no presente que nos séculos pasados, cun impacto visible tanto a nivel local como mundial.

Decatarse de que o futuro non está predeterminado e de que a relevancia das propias accións ten unha grande importancia:
-Coñecer que o que aconteceu no pasado determina o modo en que vivimos hoxe e que o que fagamos agora influirá no futuro é esencial, porque as persoas podemos cambiar a realidade que nos rodea.
-A mocidade pode aprender a descubrir os medios de provocar o cambio e a empregalos conscientemente para crear un futuro mellor: Poden acontecer moitos futuros alternativos, pero é o comportamento que temos hoxe en día o que fará realidade unha destas alternativas.

**Unha das claves da perspectiva de cambio e futuro na educación é entender que o que aprendamos hoxe pode ser o que cambie o curso das cousas no futuro. Permitir aos estudantes empoderarse a través da educación e asumir a responsabilidade sobre as súas accións no presente e as súas consecuencias futuras é unha potente ferramenta educativa.**

5

# A integración curricular desde o enfoque conceptual

Para que o noso alumnado logre unha axeitada comprensión dos dereitos da infancia e da cidadanía global que lle permita levar eses dereitos á práctica, é necesario achegar información relevante e potenciar o desenvolvemento de capacidades de conceptualización e de discurso. A abordaxe conceptual do coñecemento dos dereitos da infancia e a cidadanía global pode apoiarse nos contidos existentes nas diferentes asignaturas ou áreas do currículo.

Unha correcta conceptualización permítenos formar distintas representacións sobre o mundo que nos rodea. Canto máis completas sexan as conceptualizacións, máis riqueza, profundidade e complexidade terán as nosas representacións sobre a contorna. A inapropiada clarificación de ideas pode levar a erros lóxicos ou de concepto que co tempo son difíciles de corrixir: por exemplo, podemos chegar a identificar democracia con simplemente votar, confundir dereitos con privilexios ou cidadáns con consumidores. Sobre unhas bases conceptuais incorrectas ou incompletas é moi difícil construír un discurso coherente de exercicio da cidadanía global responsable.

Non debe confiarse en que o alumnado acade o coñecemento axeitado destes conceptos con precisión e propiedade sen ningunha intervención educativa ao respecto. Neste senso, sempre que a clarificación conceptual estea presente nunha actividade didáctica e se programe como obxectivo específico, pode resultar indiferente se esa clarificación de conceptos se realiza previamente ás tarefas ou xorde durante o seu desenvolvemento.

**"(...) Se non hai ideas que fundamenten e motiven a práctica das virtudes cívicas, estas acabarán borrándose ao pouco tempo. Para formar cidadáns temos que combinar entrenamento e consideración de ideas".**

(Puig J.M., et al., 2011: 51)

A modo de metáfora, poderiamos dicir que os conceptos básicos funcionan coma lentes a través das que se poden ver os contidos. Podemos ver determinadas cuestións desde unha perspectiva de interdependencia, de imaxes e percepcións, de xustiza social, de resolución de conflitos ou de cambio e futuro, de todas á vez ou de combinacións de dúas ou máis perspectivas. Isto permítenos presentar unha situación desde distintas facetas e contribuír a que o noso alumnado adquira unha visión máis complexa sobre as materias do currículo, favorece que adquira un criterio propio e informado sobre a contorna.




Os cinco conceptos básicos relaciónanse con multitude de conceptos, que son máis específicos e permiten un tratamento máis concreto na aula como os presentados neste gráfico. Nel propuxemos unha serie de conceptos específicos derivados dos cinco conceptos básicos, máis xerais. Algúns deles poden ser traballados desde educación infantil, mentres que outros, polo seu nivel de abstracción ou complexidade, son máis axeitados para etapas superiores. Esta relación non é exhaustiva e está aberta a outros conceptos para configurar un mapa conceptual propio e adaptado a cada unha de nosas realidades docentes.

Os condicionantes principais na selección dos conceptos relacionados cos que traballar nunha situación de ensino-aprendizaxe concreta son:

